




PASARRÚAS DE SAMAIN

Este ano para a celebración do Magosto e Samaín e ao abeiro do PDI de centro sobre a Tradición Galega, en Educación Infantil, ademais de recoller unha escolma de refráns e adiviñas sobre o mesmo pensamos en como facer partícipes ás familias e compartir esta celebración coa comunidade do Concello.



Tras falalo nas aulas decidimos que o produto final tiña que ser un pasarrúas terrorífico repartindo por rúas e negocios de Valdoviño refráns e adiviñas ilustradas polos nenos e nenas de Infantil.

As familias escribiron coas fillas e fillos textos para compartilos na escola e acudiron unha tarde ao centro para participar con eles nos obradoiros de camisetas terroríficas.



- Na escola, nenos e nenas en equipos comezamos a escribilos e ilustralos con bruxas, cabazas, castañas, orizos, pantasma e todo o imaxinario relacionado coa temática.





- O día do obradoiro á escola se encheu de familias, nenos e nenas que envorcaron toda a súa creatividade nas camisetas vellas que trouxeran con antelación. Empregaron rotuladores, témperas, sprays e plantillas, tesoiras e outros materiais da escola nos obradoiros de decoración, tesoiras e pintura que tiñamos preparados.



- Unha vez rematados os refráns, ilustrados e escritos polas nenas e nenos, lles puxeron selos lacre coa temática do Samaín, respectando coidadosamente os pasos do proceso e rematando a presentación meténdoos nun

SOBRE PANTASMA





- O día da saída foi moi emocionante, a benvinda nos diferentes espazos e negocios do Concello foi xenial, en moitos deles había familiares traballando e non faltaron lambetadas de agasallo que nos tiñan preparadas.





- No pasarrúas visitamos o centro de Saúde, a Casa da Cultura, a farmacia, librería, oficina de Correos, carnicería...unha actividade chea de aprendizaxes, de emoción e coa petición das familias, veciños e veciñas de que para o ano se repita.

VIVA O SAMAIN!!